


## LIBROS

# Pausas reorganizativas

Resulta curioso que, dentro do maremagnum de subxéneros narrativos máis ou menos fundamentados, ninguén dese en acuñar aínda o de "novela de vacacións" para referirse, non tanto ás moitas que serven de lectura estival, como a aquelas que desenvolven as súas tramas nas pausas vitais do traballo e da vida cotiá. O espazo de tempo que escollemos para repousar é un clásico na literatura e, igual que na vida real, dá pé a encontros estraños, viaxes arriscadas, reformulacións vitais, e namoros sorprendentes.

O lecer estival é precisamente o tempo escollido para acoller a trama de *A lúa da colleita*



**A lúa da colleita**

Anxos Sumai

GALAXIA, 2013

244 páxinas

19 euros

*Leita*, a novela coa que Anxos Sumai gañou o último Premio Manuel García Barros. Situada imprecisamente nalgunha vila da ría de Arousa, nun mes de agosto de comezos dos noventa, a novela cóntanos a historia de Nuria Uría, unha veraneante atípica por varios motivos. En primeiro lugar porque a súa ligazón co lugar é previa, alí pasou parte da súa adolescencia e segue a ser recoñecible para unha parte dos veciños. Por outra banda, a súa decisión de pasar alí unha parte do verán nace dunha especie de arrotada, unha determinación até certo punto inconsciente pero que deixa entrever unha fuxida, non só das rutinas, senón tamén dalgún tipo de relación amorosa atormentada e pouco convencional. Nas sombras do pasado de Nuria que

se nos van desvelando aparecen un home e unha muller cos que comparte a vida e que pasarán a ter tamén o seu propio protagonismo no desenvolvemento da novela.

Porén, o máis peculiar da protagonista de *A lúa da colleita* é a particular percepción que ten da realidade. Por unha banda é incapaz de lembrar tanto feitos do pasado recente como do remoto, por outra, percibe ruidos e imaxes de acontecementos que non son compartidos polos demais. Así, temos un personaxe a debaterse entre as sombras dunha vida pasada no lugar que non consegue recoñecer máis que vagamente, e por outra a tratar de desenvolverse distinguindo a realidade da súa propia imaxinación. O contexto social de Nuria, rodeada constantemente por artistas e xente extravagante e disoluta, mesmo na liña de certo malditismo corrente na época, actúa tamén como un elemento de distorsión das súas propias vivencias que fai aínda máis complicado situar o curso da súa vida.

Anxos Sumai crea unha novela que ten como foco a identidade da protagonista e a súa loita entre a percepción da realidade e a reconstrución dun pasado que a asalta a cada pouco na vila na que escolleu pasar ese agosto. E faíno, cun recurso característico doutras novelas súas: a través da narración de feitos cotiáns e aparentemente intrascendentes que porén van atopando o seu sentido como pezas de construción dun discurso xeral. Esas anécdotas puntuais dunhas vacacións un tanto estrañas nunha vila pequena van contribuíndo a redondear

aspectos dos personaxes que a simple descrición non podería achegarnos, ou non sen levar a marca de parcialidade da voz narradora. Porén, a forma de tratar a historia de Nuria que se ofrece ao lector é como darlle as pezas para que reconstrúa pola súa conta o acontecido. Chama a atención, nesa liña, que a protagonista bordee os síntomas do que entendemos por enfermidade mental, sen que porén sexa categorizada desa forma en ningún momento e sen que quede aberta a cuestión, que en ningún caso ocuparía un lugar central na novela. É a historia dun proceso e dunha loita persoais a que ocupa ese papel.

*A lúa da colleita* é unha achega orixinal, cun punto de partida pouco habitual para unha novela, onde a trama é unha reconstrución identitaria e onde os feitos máis importantes acontecen, dalgunha forma, no interior da protagonista. Unha lectura da pausa vacacional como acto reorganizativo elevada a unha transcendencia total. De todas formas, cabe dicir que o ritmo e a dosificación da información teñen brillado a outro nivel en novelas anteriores da autora. Resulta doado adiviñar a conclusión da trama xa na primeira metade do libro e algunhas partes antóllansenos artificialmente dilatadas. Mesmo así, paga a pena achegarse a esta nova proposta narrativa de Anxos Sumai, unha escritora cunha voz orixinal e inconfundible no panorama actual e cunha traxectoria tan sólida como sorprendente a cada nova obra.

**Mario Regueira**

